

Regras

Non fai falla dicir que o espírito do XOGO LIMPO e a DEPORTIVIDADE son a parte máis importante deste evento.

1. O partido xogarase en media pista de baloncesto.
2. Os equipos estarán compostos por un mínimo de 3 xogadores/as e un máximo de 4 xogadores/as, tres xogadores de pista e un de substitución.
3. Cada equipo debe nomear un capitán/a que será o responsable do equipo.
4. O xogo será de dous tempos de 10 minutos a tempo corrido e un descanso de 5 minutos. Ao final dese tempo, gañará o encontro o equipo que vaia por diante no marcador.
5. No caso de que o partido finalice en empate, xogarase quendas de 3 tiros libres por equipo, cos 6 xogadores que pecharon o partido, no caso de que haxa empate, poderase incluír, no caso de que existan xogadores de substitución, e lanzaranse tiros ata o fallo de un dos participantes, quedando así o equipo ao que pertenza como perdedor do encontro.
6. Un equipo perderá o partido por non comparecer, ou se non hai tres xogadores dispoñibles antes dos 5 minutos límite de espera.
7. Cada canastra vale 1 punto, excepto aquelas conseguidas desde máis aló da liña de triplas, que valerán 2 puntos.
8. Trocarase a primeira posesión de cada tempo no saque, de xeito que os dous equipos estean en equidade de condicións.
9. Logo de cada cambio de posesión, rebote defensivo ou balón recuperado, o balón deberá saír máis aló da liña de tres puntos.
10. Logo de cada canastra o balón cambia de posesión e iníciase o xogo desde máis aló da liña de tres puntos.
11. Cando o balón saia fóra, deberá poñerse en xogo dende a banda.

12. As loitas supoñen, sempre, a posesión do balón para o equipo que defendía.
13. Todas as faltas sinalaranse polos xogadores. Por cada dúas faltas dun equipo o outro recibirá un tiro libre que valerá 2 puntos.
14. Haberá un reconto dos puntos que anotará cada participante ao longo dos encontros, deste xeito, ao final dos mesmos destacarase a figura do máximo anotador do torneo.

Bases do torneo

Datas, lugar e cotas de inscrición

Tanto para o torneo 3x3, en adiante torneo, como para os concursos de triplos e tiros libres, en adiante concursos, a inscrición deberase realizar **a través do formulario online** ao que se poderá acceder dende a páxina web do Centro Xuvenil Abeiro: www.cxabeiro.org

Data límite de inscrición: o 18 de Abril.

Cotas de inscrición:

- Torneo: 12 € por equipo
- Concursos: 2 € por persoa e concurso.

Procedemento para efectuar o pago:

- Torneo: tras realizar a inscrición online a organización mandará un correo á persoa de contacto do equipo para confirmar a súa inscrición e indicárselle o número de conta bancaria onde deberán realizar o pago.
- Concursos: se o xogador participa tamén no torneo deberá indicalo na inscrición do seu equipo neste. No correo que mande a organización para validar a inscrición indicárase o total da cota do torneo e das diferentes cotas individuais para os concursos, debendo realizarse o pagamento destas nun único pago bancario. No caso de que o xogador non participe no torneo deberá realizar o pagamento presencialmente durante o desenvolvemento do torneo ata 10 minutos antes do comezo dos concursos.

A data límite para o pagamento bancario das cotas é o 18 de Abril

Datas de xogo do torneo e sorteo de calendario

A data do torneo son os días 23 e 24 de Abril, o Sábado dende as 11 horas ata as 16.30 horas e o Domingo dende a 13 horas ata as 20 horas. A hora de remate dependerá do número de asistentes ao mesmo.

Os horarios dos encontros de grupos de 3x3 publicaranse na web de Abeiro o mércores 20 de Abril.

Os concursos realizaranse o domingo unha vez os encontros de 3x3 rematen.

Categorías de xogo do torneo

Haberá unha única categoría Sénior.

Os equipos poderán ser masculinos, femininos ou mixtos.

Concursos de triplos e tiros libres

Os participantes deberán presentarse uns 10 minutos antes do inicio. A orde de chegada será o mesmo ca orde de participación nos concursos.

En ningún dos dous concursos haberá conta atrás, senón que, cada participante disparará dun total de 15 bolas.

Gañará cada un dos concursos o participante que máis acertos consiga.

Premios

Os gañadores do 3x3 recibirán un vale de 20€ por persoa para trocar en tendas Decathlon.

O máximo anotador do torneo, así coma os gañadores do concurso de triplos e de tiros libres, recibirán unha copa ou medalla.

Dereitos de imaxe

A participación no torneo, así como nos concursos, leva consigo a cesión de imaxe para a publicación en memorias de proxectos, edicións de revistas, documentos de sensibilización,

páxinas web e/ou redes sociais establecidas ao efecto coa finalidade de divulgar as distintas actividades e servizos postos en marcha pola asociación Centro Xuvenil Abeiro e as entidades ás que pertence.

*** A Organización reservase o dereito de modificar esta normativa no caso de seres necesario, co fin de asegurar o bo funcionamento do evento.**